|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   |  | Página       | 54/83               |                                                                                       |

*concello de Ribas de Sil, ano 2025*

*En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN\_01/002728) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe*

**Antecedentes de Feito**

*Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 6 de xuño de 2025, aprobar a seguinte proposta:*

*“Primeiro. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións: “rehabilitación da Casa do Ladrillo –fase1: acondicionamento exterior”, “mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” e “adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio” no concello de Ribas de Sil, ano 2025 306.323,13 € cuxo contido é o seguinte: (...)*

*Segundo. A aprobación do gasto, por importe de 300.000,00 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral:*

- 250.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200*
- e 50.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.46200*
- en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuación contemplada no convenio.”*

*Segundo: O citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribas de Sil formalizouse o 16 de xuño de 2025.*

*Terceiro: O alcalde do concello de Ribas de Sil remitiu, o 23 de marzo de 2026, dous escritos nos que literalmente se establece o seguinte:*

*“(...*

*Expón:*

*Primeiro.– Que con data 16 de xuño de 2025 se formalizou un convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para o financiamento das seguintes actuacións municipais:*

- Rehabilitación da Casa do Ladrillo – Fase 1: acondicionamento exterior (incluídos honorarios).*
- Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos.*
- Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio.*

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   | Página       | 55/83               |



*Segundo.- Que, conforme ao establecido no citado convenio, o Concello ten xa executada a actuación correspondente ao mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos, atopándose actualmente pendente da súa xustificación.*

*Terceiro.- Que, no relativo á actuación de adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio, comprobouse durante a tramitación do expediente que o importe inicialmente previsto resulta insuficiente para acceder aos distintos modelos de varredoras de pequeno tamaño dispoñibles no mercado que se adaptan ás características das rúas do núcleo urbano, polo que se considera necesario un incremento do seu orzamento ata os 90.024,00 €.*

*Cuarto.- Que a actuación denominada Rehabilitación da Casa do Ladrillo - Fase 1: acondicionamento exterior, cun importe de 168.888,25 €, proponse eliminar do convenio, ao atoparse o Concello en disposición de executar esta intervención mediante outras vías de financiamento, sen que isto prexudique a conservación nin a posta en valor do edificio.*

*Quinto.- Que, en substitución da actuación eliminada, proponse a inclusión dunha serie de novas actuacións que responden a necesidades actuais e prioritarias do municipio, relacionadas coa mellora dos servizos municipais, das instalacións públicas, da seguridade viaria e do equipamento cultural, mantendo en todo caso o equilibrio financeiro do convenio e sen incremento da achega da Deputación Provincial de Lugo.*

*Sexto.- Que, como consecuencia das modificacións propostas, o convenio quedaría integrado polas seguintes actuacións:*

| Actuacións                                                        | Custo total (IVE incluído) |
|-------------------------------------------------------------------|----------------------------|
| Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos    | 56.323,13 €                |
| Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio | 90.024,00 €                |
| Adquisición de rozadoira forestal robusta de dous rotores         | 16.183,75 €                |
| Adquisición de casetas de madeira para stands                     | 12.584,00 €                |
| Adquisición de luces de Nadal                                     | 10.890,00 €                |
| Adquisición de parcela con ref catastral: 0831111PH4003S00001IM   | 20.085,00 €                |
| Subministro de módulo para aseos temporais na praia fluvial       | 16.029,00 €                |
| Dotación de butacas fixas no salón de actos da Casa Consistorial  | 31.842,79 €                |
| Adquisición de vehículo para a Brigada Forestal                   | 19.293,39 €                |
| Construción de escolleira en Castro de Abaixo                     | 33.068,07 €                |
| <b>Total</b>                                                      | <b>306.323,13</b>          |

*Ascendendo o importe total do convenio a 306.323,13 €, dos cales 300.000,00 € corresponden á achega da Deputación Provincial de Lugo e 6.323,13 € á achega do Concello de Ribas de Sil. Por todo o exposto, Solicita: Que se teña por presentado este*

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   | Página       | 56/83               |







*escrito, acompañado das memorias valoradas e do certificado de titularidade e, previos os trámites oportunos, se acorde a modificación do convenio interadministrativo subscrito o 16 de xuño de 2025 entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil, nos termos expostos, procedéndose á formalización da correspondente addenda. “*

*“(…)*

*Expón:*

*Primeiro.– Que, no marco do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións, formalizado o 16 de xuño de 2025 e que se atopa actualmente vixente, e no que se inclúe, entre outras, a actuación consistente no servizo de “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos”, esta finalizou no mes de decembro de 2025, finalizando o prazo de xustificación o 31 de marzo de 2026.*

*Segundo.– Que, debido a circunstancias excepcionais consistentes, por unha banda, na demora na recepción da factura correspondente e, por outra, na necesidade de realizar comprobacións adicionais da documentación xustificativa, co fin de garantir a súa correcta adecuación aos requisitos establecidos e a axeitada xustificación dos gastos realizados, prevese que non será posible completar a xustificación dentro do prazo inicialmente establecido.*

*Terceiro.– Que estas circunstancias non son imputables ao Concello e non afectan a dereitos de terceiros.*

*Cuarto.– Que o prazo adicional solicitado non excede da metade do prazo inicialmente concedido para a xustificación, conforme ao previsto no convenio.*

*Por todo o exposto, Solicita:*

*Que, ao abeiro do establecido no citado convenio, se conceda unha ampliación do prazo de xustificación dun (1) mes e medio, co fin de poder presentar a documentación completa en debida forma.*

*O Concello comprométese a presentar a totalidade da documentación dentro do novo prazo que se conceda.”*

*Cuarto: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 27 de marzo de 2026, aprobar a segunda addenda ao convenio para incorporar as modificacións solicitadas dende o concello de Ribas de Sil*

*Quinto: A addenda ao citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribas de Sil formalizouse o 31 de marzo de 2026.*

|                     |                                                                                                                                                                                       |  |              |                     |                                                                                       |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   |  | Página       | 57/83               |                                                                                       |

Sexto: O alcalde do concello de Ribas de Sil remitiu, o 14 de xullo de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

*“Que con data 16 de xuño de 2025 se formalizou un Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para o financiamento dos gastos derivados da execución de diversas actuacións correspondentes ao exercicio 2025.*

*Que con data 27 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria, aprobou a addenda ao citado convenio, na que se inclúe, entre outras, a actuación denominada "Adquisición de vehículo para a Brigada Forestal", cun importe de 19.293,39 €.*

*Que este Concello dispón dun parque móbil dotado de varios vehículos todoterreo e que, ademais, durante o presente exercicio non foi posible constituír a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, ao quedar deserta a convocatoria para a cobertura da praza de xefe de brigada, polo que deixan de concorrer as circunstancias que motivaban a adquisición do citado vehículo.*

*Que, en atención ao anterior, este Concello considera prioritario destinar os recursos previstos para a devandita actuación á execución doutros investimentos de maior necesidade para a prestación dos servizos municipais, concretamente ás seguintes actuacións:*

- *Adquisición dun motor para o camión de recollida de lixo, cun orzamento de 16.400,10 € (IVE incluído).*
- *Subministro de sinais de localización e dirección das aldeas da parroquia de Torbeo, cun orzamento de 4.707,51 € (IVE incluído).*

*O importe total das actuacións propostas ascende a 21.107,61 € (IVE incluído), dos cales:*

*Aportación da Deputación Provincial de Lugo: 19.293,39 €*

*Aportación do Concello de Ribas de Sil: 1.814,22 €*

*Que a tramitación dos expedientes de contratación, a execución das actuacións previstas e a súa posterior xustificación administrativa requiren dunha maior dispoñibilidade temporal, polo que resulta necesario ampliar o prazo de execución e xustificación establecido no convenio.*

*Por todo o exposto, Solicita:*

*Primeiro.- Que se teña por presentado este escrito, acompañado das memorias valoradas e, previos os trámites oportunos, se acorde a modificación do convenio interadministrativo*

|                     |                                                                                                                                                                                       |  |              |                     |                                                                                       |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   |  | Página       | 58/83               |                                                                                       |



*entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil, nos termos expostos, procedéndose á formalización da correspondente addenda.*

*Segundo.- Que se conceda unha ampliación do prazo para a execución e a xustificación de todas as actuacións incluídas no convenio ata o 30 de novembro de 2026”*

*Consideracións Xurídico-Administrativas:*

*Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:*

*- Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.*

*“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025*

*A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”*

*- Na cláusula Oitava.- Modificación*

*“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.*

*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”*

*Segunda:* No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recollese o seguinte:

*“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.*

*(...)*

*3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.”*

|                     |                                                                                                                                                                                       |  |              |                     |                                                                                       |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   |  | Página       | 59/83               |                                                                                       |

Terceira: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

### Conclusións

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
  - media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común)
  - o novo prazo non excede da metade do mesmo.
  - que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
  - e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
- dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de Ribas de Sil nos termos da segunda addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións: “rehabilitación da Casa do Ladrillo –fase1: acondicionamento exterior”, “mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” e “adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio” no concello de Ribas de Sil, ano 2025 nos termos da segunda addenda con CSV IV764WH7PA5DTCZOCI6HEV2UAI.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, E PUBLICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DE ARTESANÍA.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor.

“Visto o informe do Xefe de Sección I do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de

|                     |                                                                                                                                                                                       |  |              |                     |                                                                                       |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   |  | Página       | 60/83               |                                                                                       |



“artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten prevista a organización dunha mostra de artesanía que dá resposta a dito compromiso de promoción da artesanía.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

Bases e os seus Anexos que teñen como obxecto regular e establecer as condicións para a inscrición e admisión dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra Artesanfroilán de artesanía da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   | Página       | 61/83               |



**1º.-** Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións para a inscrición e admisión dos obradoiros artesanais da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra Artesanfroilán de artesanía da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica

**2º.-** Aprobar a non aplicación de prezos públicos dadas as características especiais do sector.

**3º.-** Ordenar a publicación das bases e os seus Anexos no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, E PUBLICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor.

“Visto o informe do Xefe de Sección I do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten previsto organizar un Mercado de Nadal que cumpra con dito compromiso de promoción da artesanía.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   | Página       | 62/83               |





no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

Bases e anexos da convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no Mercado de Nadal organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

**2º.-** Aprobar a non aplicación de prezos públicos, e o acceso de balde a participar no Mercado de Nadal aos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación seleccionados, dadas as características especiais do sector.

**3º.-** Ordenar a publicación das bases e anexos da convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   | Página       | 63/83               |



#### 14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL AO CLUB DE PIRAGÜISMO VIVEIRO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Dona Berta Martínez Vázquez, en nome e representación do Club de piragüismo Viveiro, con NIF: G27210640, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 16 de abril de 2026, escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 34.960 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación denominada “Adquisición de furgoneta”, na anualidade 2026; engadindo documentación complementaria o día 28 do mesmo mes.

Detectados erros na documentación integrante da citada solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse á representante da entidade solicitante para a súa emenda, que se produciu coa presentación de documentación adicional o 25 de maio de 2026.

En relación co expediente do procedemento de tramitación da dita solicitude, tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

- na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións;
- no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento;
- na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;
- na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021);
- na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;
- no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;
- nas Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión;
- no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020);
- e nas restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, nas normas de dereito privado;

queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo a seguinte documentación:

1. Modelos normalizados de solicitude e documentación adicional esixida por Acordo da Xunta de Goberno.
2. Borrador do convenio que instrumentará a concesión da dita subvención.

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 21/07/2026 14:24:44 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV764KIMNJU7VBJS5UVF6IDAC4</a>   | Página       | 64/83               |





3. Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das demais circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparelada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.
